

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 28 DE XULLO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:31 horas do día vinte e oito de xullo de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando a Alcaldesa pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- CERTIFICADO DO SERVIZO DE DEPENDENCIA E AUTONOMÍA PERSOAL DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE NÓMINA SAF MUNICIPAL.

Pola Secretaria dase conta do escrito enviado do Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da Consellería de Política Social, rexistro de entrada neste concello co número 1708 en data 22/07/2016, no que se envía o certificado das cantidades que se liquidarán ó Concello pola prestación do servizo de axuda no fogar (dependencia) do 2º trimestre de 2016:

Abril: 7.506,15 €

Maio: 7.443,98 €

Xuño: 7.701,80 €

Regularizacións do/s período/s 01/01/2016-31/03/2016: -20,92 €.

Total nómina neta 2º trimestre: 22.631,01 €

Total devengado: 22.631,01 €

Os membros da Xunta de goberno local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, COMUNICANDO A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO)

Pola secretaria dase conta do escrito remitido pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada neste concello co nº 1712 en data 22/07/2016, no que se comunica a resolución da concesión de subvención

Expte.: TR351A/2016-0120 para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación, e prospección de emprego no exercicio 2016, polo importe de 20.000 €, de acordo coa seguinte desagregación:

| Nº Técnicos/as | Xornada | Localidade | Data de inicio (data límite) | Duración | Importe subvención |
|-----------------------|---------|------------|------------------------------|----------|--------------------|
| 1 técnico orientación | 100% | Boimorto | | 12 meses | 20.000 € |

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O PROXECTO DENOMINADO EQUIPAMENTO AMPLIACIÓN MINIRESIDENCIA DE BOIMORTO.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da dirección xeral de Administración Local, rexistro de entrada neste concello co nº. 1682 en data 20/07/2016, no que se notifica a resolución de concesión de subvención por importe de **22.166,00€** para o proxecto denominado “**Equipamento ampliación miniresidencia de Boimorto**”, ao abeiro da orde do 14 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, dentro do Plan específico extraordinario de investimentos destinado á mellora de infraestruturas e equipamentos nos concellos de Galicia (DOG núm. 120, do 27 de xuño).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- ESCRITO DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR COMUNICANDO A POSIBLE SOLICITUDE DE PRÓRROGA PARA XUSTIFICACIÓN DO INVESTIMENTO PLAN MARCO MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural e do Mar, rexistro de entrada neste concello co nº. 1683 en data 20/07/2016, no que comunica que é posible conceder unha prórroga para xustificar os investimentos en caso de ser necesario ata o 15 de outubro de 2016. A solicitude de prórroga deberá ter entrada no rexistro xeral de Agader antes de finalizar o prazo de execución e xustificación previsto no citado plan (30.09.2016).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- DACIÓN ORDE DO 13 DE XULLO DE 2016 POLA QUE SE MODIFICAN OS MÓDULOS ECONÓMICOS PARA A RENOVACIÓN ANUAL DO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS ESTABLECIDOS NO DECRETO 99/2012, DO 16 DE MARZO, POLO QUE SE REGULAN OS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS E O SEU FINANCIAMENTO

Pola secretaria dáse conta da Orde do 13 de xullo de 2016 da Consellería de Política Social, publicada no DOG núm. 140 de 26 de xullo de 2016, pola se modifican os módulos económicos para a renovación anual do financiamento dos gastos derivados dos servizos sociais comunitarios, e tomando como referencia o persoal financiado e correctamente xustificado no exercicio inmediatamente anterior, aplicaranse os seguintes módulos económicos:

| Categoría profesinal | Módulo |
|----------------------|-------------|
| A 1/Grupo I | 20.229,00 € |

| | |
|----------------------------------|-------------|
| A 2/Grupo II | 16.815,00 € |
| C 1/Grupo III | 15.144,00 € |
| C 2/Grupo IV | 13.472,00 € |
| Agrupacións profesionais/Grupo V | 9.426,00 € |

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e conforme ao disposto na disposición transitoria única da referida Orde, acordan por unanimidade reformular a solicitude de financiamento dos gastos de persoal para o 2016 presentada por este Concello, coa finalidade de adaptala ao novo módulo económico para o financiamento dos gastos de persoal da traballadora social **por importe de 16.815,00 euros.**

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DO 50% DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O DESENVOLVEMENTO DE POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2016 (PROGRAMA DE ACTIVIDADES COEDUCATIVAS NO ÁMBITO COMUNITARIO: TEMPO DE LECER)

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1627 en data 12/07/2016 no que se notifica a resolución de aprobación do aboamento do anticipo da subvención concedida e publicada no BOP nº 16 do 01/07/2016, correspondente ao exercicio 2016 para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero - programa de actividades coeducativas no ámbito comunitario: tempo de lecer por importe de 1.992,00 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CONCESIÓN DUNHA PRÓRROGA DO PRAZO PARA A XUSTIFICACIÓN DA OBRA RECUPERACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN SANTARANDEL. PARROQUIA DE ARCEO.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido da sección de plans especiais da Deputación provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1614 en data 12/07/2016, no que se comunica a resolución de concesión dunha prórroga do prazo para xustificación das obras “Recuperación de espacio público en Santarandel. Parroquia de Arceo”, cofinanciadas pola Deputación a través de Convenio de Colaboración, ampliándose o prazo de xustificación ata o 30 de novembro de 2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE DECLARA A PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE AO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DE POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, rexistro de entrada neste concello co nº 1626 en data 12/07/2016 no que se notifica a resolución pola que se declara a perda do dereito ao cobro da subvención para o proxecto Co-relacionandonos en igualdade (desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero) do ano 2015 por motivo de renuncia por parte deste Concello.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE LEMBRANDO A OBRIGA DE PAGO DO CANON QUE REGULA O SERVIZO PÚBLICO PRESTADO POLA COMPAÑÍA (SOGAMA)

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido do presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente, rexistro de entrada neste concello co nº 1666 en data 19/07/2016, lembrando a obriga do pago de canon a Sogama unha vez ditados varios Autos por parte do Tribunal Constitucional (TC).

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado pola directiva da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá, rexistrado de entrada co nº 1748 o día 26/07/2016 no que expón que non está de acordo coa desestimación do recurso acordado en Xunta de Goberno Local de data 28/04/2016, notificado o 24 de maio de 2016 e SOLICITA:

<<Que, se o teñen a ben, revisen a documentación que levamos presentado e xestionen ou fagan o posible para conseguir que a finca 316 de Dormeá pase a propiedade municipal e sirva para uso e disfrute da xente da nosa parroquia.>>

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.2.- ESCRITO DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA, GASTRONÓMICA, CULTURAL E AMBIENTAL RÁPIDO DE DORMEÁ

Pola secretaria dáse lectura ao escrito presentado por D. Ramón Mariño López, presidente da Asociación Deportiva, Gastronómica, Cultural e Ambiental Rápido de Dormeá, rexistrado de entrada co nº 1747 o día 26/07/2016 no que solicita información sobre a finca 149 do polígono catastral 508 ubicada na parroquia de Dormeá.

Os membros da Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Dar traslado do escrito de referencia aos servizos técnicos municipais para que emita o pertinente informe.

SEGUNDO.- Do informe que emita o técnico remitirle unha copia ao interesado aos efectos oportunos.

2.2.3.- ESCRITO DE DNA. MERCEDES BRAVO PAZ, SOLICITANDO COPIA DE LICENZA DE OBRA DE CONSTRUCCIÓN DA SÚA VIVENDA NO LUGAR DE SANTARANDEL.

Pola secretaría dáse lectura ao escrito presentado por Dna. Mercedes Bravo Paz, rexistrado de entrada co nº 1644 o día 18/07/2016, na que expón que foi requerida para a presentación da licenza de construción da súa vienda sita no lugar de Santarandel e revisando os seus papeis non encontra copia da licenza e SOLICITA:

<<Se me expida copia da mesma, previo pago da taxa que corresponda.>>

A secretaria informa, que salvo erro ou omisión involuntaria, consultado o arquivo non ten licenza urbanística.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade, **ACORDAN:**

ÚNICO.- Comunicarlle á interesada que segundo o informado pola secretaria a edificación que menciona no seu escrito de referencia non conta con licenza de obras.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.-CONCESIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO A PERSOAL CON MOBILIDADE REDUCIDA (TARXETA PARA MANUEL RAMOS AGUIÓN) 1/2016.

Vista a correspondente solicitude para a concesión de tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida, presentada con entrada no Concello nº 1685, en data 21/07/2016, por D. Manuel Ramos Aguión, con DNI 32365540D, con grao de minusvalía do 57%, visto informe da técnica de intervención familiar-psicóloga de data 22/07/2016, e comprobado que se cumpren os requisitos legais para expedición de tarxetas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, en aplicación do artigo 27.2 da Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e artigo 50 do Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Expedir a tarxeta para estacionamento para persoas con mobilidade reducida a favor do veciño deste Concello, Manuel Ramos Aguión con DNI 32365540D, con grao de minusvalía do 57%.

SEGUNDO.- En aplicación da Ordenanza fiscal número 4, reguladora da taxa por expedición de documentos no seu artigo 7.4, liquidar en concepto de **taxa 6 €**.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, aos efectos oportunos e comunicar que unha vez aboada a taxa correspondente poderá retirar a tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- DACIÓN DE PRESUPOSTOS RECIBIDOS PARA O SUBMINISTRO E COLOCACIÓN DE CONTENEDORES

Pola secretaria dáse conta que por Decreto da Alcaldía 251/2016 de 08/07/2016 acordouse solicitar tres ofertas para a contratación de execución do proxecto denominado “Subministración de colectores para recollida selectiva de basura no concello de Boimorto” subvencionado polo Fondo de Compensación Ambiental na liña en concorrencia non competitiva por importe total de 7.401,52 Euros.

Que das tres empresas invitadas presentou oferta económica Contenur, S.L en data 21/07/2016 (RE 1686), Formato Verde, S.L. en data 22/07/2016 (RE 1706) e non presenta oferta Jcoplastic Ibérica, S.L.

Que a oferta máis ventaxosa é a presentada pola empresa Contenur, S.L con CIF: B-82806738 que ofrece o prezo de 4.917,44 Euros IVE incluído.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e considerando que a subvención concedida é por máis importe, por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Declarar como oferta máis ventaxosa a presentada pola empresa Contenur, S.L.

SEGUNDO.- Que por parte da Alcaldía se realicen as xestións oportunas ante a Dirección Xeral de Administración Local para que autoricen adquirir os contenedores ata cubrir o importe subvencionado e no caso de que se autorice solicitar á empresa Contenur, S.L que presente unha nova oferta axustada ao importe da subvención.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

| Nº Factura / Data | Titular NIF/CIF | Descrición | Importe |
|--|--|---|--|
| 330-04/07/16 | Beatriz Marzoa Rivas / 79320953W | Notas simples de bens de titularidade municipal para entregar á empresa adjudicataria da elaboración do inventario de bens deste Concello | 476,34 € |
| 1364-30/06/16 1363-30/06/16 1362-30/06/16 1373-30/06/16 1374-30/06/16 1361-30/06/16 | Oscar Vidal García / 79335867N | Reparacións na piscina Reparacións na estación potabilizadora Reparación autobús Reparación cañón Reparación máquina lavar Reparación barredora pavillón | 359,55 € 361,35 € 58,93 € 355,41 € 357,58 € 65,79 € |
| 16 32-18/07/16 | Alberto Neira Vázquez / 78785681D | Serigrafía camisetas torneo badminton. Subv. Actividades Deportivas Deput. Prov. 2016 | 105,27 € |
| 70907-20/07/16 70087-21/06/16 | Río Blanco, S.L. / B-15424047 | Hipoclorito sódico para a piscina municipal. Nº albarán 82912 Hipoclorito sódico para o depósito de Boimil Nº albarán 82013 | 283,14 € 283,14 € |
| 48-26/07/16 47-26/07/16 46-26/07/16 44-26/07/16 45-26/07/16 | Mª. Luz Pernas Montero / 76352632S | Material servizo recollida lixo Material para o taller Material servizo de augas Material para a piscina Material alumado público | 112,58 € 40,12 € 67,13 € 198,94 € 30,71 € |
| A/38452-10/07/16 | Suministros Médicos Vigueses Uno, S.L. / B36797637 | Luvas para persoal da residencia e centro de día | 276,12 € |
| 2.408-29/06/16 | Hotel Balneario de Compostela / B-15912868 | Visita balneario o día 29/06/16 Subv. Termalismo social Deput. Prov. 2016 | 255,00 € |
| A/15-21/07/16 | El Festibulos S.L.U. / B70382411 | Actuación rede cultural Deputación 2016 o 21/07/16 | 2.420,00 € |
| 1/01611812-25/06/16 1/01611813-25/06/16 | Nea F3 Ibérica, S.L.U. / B-15361348 | Mantemento fotocopiadora cor BH C35 de secretaría período 11/12/15 a 23/06/15 e fotocopiadora cor KM C364e oficinas municipais período 23/05/16 a 23/06/16 Mantemento fotocopiadora cor BH C353 residencia período 18/05/16 a 18/06/16 | 350,97 € 76,80 € |
| 1601081035-30/06/16 | Autopistas del Atlántico Concesionaria Española, S.A. / A-15020522 | Peaxe viaxe á Ferrol o día 1 de xuño de 2016 | 6,73 € |
| 06B/68-30/06/16 | Coregal Parques e | Mantemento zonas verdes do 21 ao | |

| | | | |
|----------------------------|--|---|------------|
| | Xardíns, S.L. / B15731797 | 30 de xuño de 2016 | 663,33 € |
| 6/2016-30/06/16 | Raquel Prieto Souto / 47379697L | Servizo de podoloxía centro de día, miniresidencia e servizos externos mes xuño 2016 | 476,00 € |
| 1-11053969- 28/06/2016 | Manuel Castro Gómez / 33215547M | Confección nóminas e seguros mes de xuño 2016 | 901,09 € |
| FV/ 4051-15/07/16 | Comercial Maquinaria F3, S.L. / B-15359185 | Aluguer de ventiladores para a re- sidencia e centro de día | 64,64 € |
| 36-30/06/16 | Supermercado Rey- Blanco / B70204631 | Produtos de limpeza para a resi- dencia e centro de día | 85,94 € |
| 37-30/06/16 | | Produtos de droguería para a resi- dencia e centro de día | 217,21 € |
| 38-30/06/16 | | Produtos de droguería para a resi- dencia e centro de día | 91,37 € |
| 39-30/06/16 | | Produtos de limpeza para a resi- dencia e centro de día | 94,96 € |
| 000177-27/07/16 | José Manuel Lamas Gómez / 78787946C | Reparación motoserra | 108,50 € |
| 118.054-30/06/16 | Recambios Santiagueses, S.L. / B-15214349 | Pezas para reparación furgoneta Opel Combo da residencia | 161,95 € |
| VC 3605-01/07/16 | Mugatra Sociedad de Prevención S.L.U. / B70055504 | Contratación da vixilancia da saúde colectiva para 24 dende o 01/07/16 ata 30/06/16 | 368,52 € |
| PC 6093-01/07/16 | | Contratación anual servizo de pre- vención (Disciplina técnica) con data de inicio de 01/07/15 (Pago 2 de 2) | 407,09 € |
| B/792-30/06/16 | Oscar Carreira García / 78796945A | Material limpeza para o Concello | 150,77 € |
| B/793-30/06/16 | | Material limpeza para residencia | 388,88 € |
| 160434-30/06/16 | Farmacia M ^a . José Váz- quez Freire / 33277749S | Material de farmacia para usuarios da residencia e centro de día | 21,95 € |
| 1177025295- 06/07/16 | Labaqua, S.A. / ESA03637899 | Servizo de análise abastecemento de auga mes xuño 2016 | 464,25 € |
| 388-30/06/16 | Juan López Sánchez / 34258362T | Gasolina para cortacésped | 232,00 € |
| 389-30/06/16 | | Gasolina desbrozadoras | 144,00 € |
| D- 828-15/07/16 | | Gasóleo calefacción para a resi- dencia e centro de día | 1.140,00 € |
| D- 842-21/07/16 | | Gasóleo automoción | 910,00 € |
| 12107790-12/07/16 | Louzao Vehículos Indu- striales Coruña, S.L.U. / B15813306 | Reparación camión de recollida de lixo matrícula 7428FJK | 590,41 € |
| MG/17-RM- 21/07/16 | Maype Salud, S.L. / B- 70230016 | Servizo enfermería residencia de persoas maiores os días 16 e 17 de xullo de 2016 | 600 € |
| 43/16-27/07/16 | Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468 | Honorarios por asistencia técnico- urbanística mes xullo 2016 | 2.000,00 € |
| 28-G680-519442- 1/07/16 | Telefónica Móviles Es- paña, S.A. / A-78923125 | Teléfonos móbiles período 18/05/16-17/06/16 | 190,44 € |
| 0001366-01/07/16 | Enfoque Soluciones TI, S.L. / B-47602651 | Mantemento programa residencia xullo 2016 | 59,29 € |
| M000336-16- 01/07/16 | F. Javier Díaz Paz / 32630805S | Dúas bandexas para a residencia e centro de día | 28,70 € |

| | | | |
|--------------|--|---|----------|
| TA5E50250079 | Telefónica de España, S.A.U. / A-82018474 | Recibo teléfono oficinas concello | 307,03 € |
| TA5E50246036 | | Recibo teléfono xulgado de paz | 29,81 € |
| TA5E50252971 | | Recibo teléfono ascensor residencia e centro de día | 19,73 € |
| TA5E50249938 | | Recibo teléfono ascensor casa consistorial | 17,40 € |
| TA5E50253163 | | Recibo teléfono residencia e centro de día | 114,17 € |
| TA5E50250947 | | Recibo teléfono centro social municipal de maiores | 70,46 € |
| TA5E50246037 | | Recibo teléfono oficinas servizos sociais | 90,63 € |
| TA5E50250471 | | Recibo teléfono fax | 0,19 € |
| 19/07/16 | | | |

5.2. APROBACIÓN DE GASTO SUPLIDO PARA INSTALACIÓN DE AIRE ACONDICIONADO NA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES

Vista a declaración de gasto suplido asinada polo empregado municipal D. Manuel Vázquez Rúa, que costeou ao seu cargo o gasto de compra en Leroy Merlin España, S.L.U de tubos para aire acondicionado na residencia de persoas maiores, por importe de 45,90 €uros.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

ÚNICO.- Aprobar o gasto suplido polo importe que a continuación se indica, para a finalidade que así mesmo se especifica, así como aprobar o pago correspondente a favor do perceptor que se menciona, con cargo á partida orzamentaria determinada:

Cuantía total do gasto: 45,90 €uros

Finalidade do gasto: Tubos para aire acondicionado Residencia

Perceptor: Manuel Vázquez Rúa

Importe: 45,90 €uros.

Partida orzamentaria: 23162700

5.3.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Teresa Gómez Cea

DATA DO INFORME: 28/07/2016

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- GARCÍA SEOANE JOSEFA - FISIOTERAPIA - PODOLOXÍA **VALORACIÓN TÉCNICA**

a) Consta informe médico que acredita necesidade

b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia

c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**2.- CASANOVA RODRÍGUEZ MARÍA DOLORES - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**3.- GARCÍA NOVO MANUEL - PODOLOXÍA
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**4.- GARCÍA TABOADA CARMEN - PODOLOXÍA
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

**5.- REGUEIRO ANDRADE LUÍS - FISIOTERAPIA
VALORACIÓN TÉCNICA**

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como directora da residencia de persoas maiores e centro de día do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro municipal de maiores a Xunta de Goberno Local, **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuarios/as do servizo de fisioterapia a Josefa García Seoane, María Dolores Casanova Rodríguez e Luís Regueiro Andrade e no servizo de podoloxía a Josefa García Seoane, Manuel García Novo e Carmen García Taboada.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xullo, agosto e setembro de 2016. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

5.4.- CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES DA X CARREIRA PEDESTRE POPULAR DE BOIMORTO E A X CARREIRA DE CANICROSS

Vistas as bases para regular a X Carreira Pedestre Popular Concello de Boimorto e vistas as bases V Carreira de Canicross redactadas en data 28/07/2016 polo técnico deportivo e que a continuación se reproducen literalmente:














BASES DA X CARREIRA PEDESTRE POPULAR CONCELLO DE BOIMORTO:

O Concello de Boimorto celebra a X edición da Carreira Pedestre Popular o sábado 3 de setembro de 2016 na localidade de Boimorto baixo o control e cronometraxe de championchipnorte e de acordo co seguinte

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados; haberá unha soa clasificación conxunta. A cronometraxe da carreira estará a cargo de championchipnorte.

2. CATEGORÍAS DOS PARTICIPANTES:

-  PITUFO **atletas nados no 2012 e posteriores**
-  **PREBENXAMÍN** **atletas nados no 2009, 2010 e 2011**
-  **BENXAMÍN:** **atletas nados nos anos 2007 e 2008**
-  **ALEVÍN:** **atletas nados nos anos 2005 e 2006**
-  **INFANTIL:** **atletas nados nos anos 2003 e 2004**
-  **CADETE:** **atletas nados nos anos 2001 e 2002**
-  **PROMESA:** **atletas nados nos anos 1997, 1998,1999 e 2000**
-  **SENIOR:** **atletas nados en 1996 ata veteranos**
-  **VETERANO A:** **atletas nados entre 1981 e 1972**
-  **VETERANO B:** **atletas nados entre 1971 e 1962**
-  **VETERANO C:** **atletas nados en 1961 e anteriores**
-  **VETERANA A:** **atletas nadas entre 1981 e 1972**
-  **VETERANA B:** **atletas nadas en 1971 e anteriores**

3. **DISTANCIAS E HORARIOS:**

O percorrido da carreira seguirá un circuito de **3.167 metros** a partir da categoría infantil e cadete.

- 18:30 h **INFANTIL e CADETE (3.167 m) (1 volta ó circuito)**
- 19:00 h. **CARREIRA ABSOLUTA (6330 m, dúas voltas ó circuito)**
- 19:45 h. **BENXAMÍN e ALEVÍN (1000 m)**
- 20:00 h. **PREBENXAMÍN (500 m)**
- 20:15 h. **PITUFO (200 mts)**
- 21:15 h. **ENTREGA DE PREMIOS (Pavillón polideportivo)**

4. **INSCRICIÓNS.**

As inscricións realizaranse a través da web www.championchipnorte.com

A inscrición é gratuíta para os participantes das categorías escolares, os da Carreira Absoluta deberán aboar 5 euros os propietarios do chip amarelo e 6euros os non propietarios (1€ en concepto de aluguer de chip)..

Os atletas locais (censados no concello mínimo dende o día 2 de xaneiro de 2016) deberán indicalo cubrindo a casilla correspondente no momento da inscrición.

Os atletas da proba absoluta que non son propietarios do chip correrán cun que lles será entregado na SECRETARÍA no momento de recoller o dorsal; unha vez crucen a liña de meta deberán entregalo de xeito obrigatorio nuns recipientes habilitados para tal efecto. De perdelo deberán aboar 15 euros e serán descualificados.

Os corredores que se inscriban na Carreira Absoluta e no Canicross pagarán tan só unha inscrición.

Para formalizar a inscrición é obrigatorio facilitar os seguintes datos: nome e apelidos, sexo, dirección postal, concello, data de nacemento, DNI, teléfono, mail, clube (se se ten) e nº de licencia (se se ten).

Admitiranse inscricións ata o *xoves 1 de setembro de 2016 ás 23:59 horas*. NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FORA DO PRAZO ESTABLECIDO.

Os dorsais recolleranse na Secretaría da Competición sita no colexio público de Boimorto (Campo do Rosario) ata media hora antes do inicio de cada proba.

Para calquer información adicional ou incidencia chamar ó teléfono 645 98 01 35

5. Habará servizo de vestiario e duchas a disposición de tódolos atletas sito no polideportivo municipal (a carón da saída).

6. PREMIOS

Habará trofeos para os 3 primeiros clasificados das categorías establecidas (en homes e mulleres), agás na categoría Pitufo que levarán medalla todos os que rematen a proba. Os 3 primeiros/as clasificados/as da proba absoluta (categorías **PROMESA, SENIOR e VETERÁNS**), percibirán trofeo da proba así como o correspondente premio en metálico e non computarán a efectos da premiación por categoría. Tamén outorgarase trofeos os 3 primeiros clasificados/as censados no Concello. Os trofeos non serán acumulativos.

No caso de non haber 4 participantes na categoría haberá só trofeo ó gañador (agás nos locais). Trofeo ó atleta máis xoven e máis veterán que sexan capaces de finalizar a carreira polos seus propios medios e sen axudas externas.

Tamén haberá **agasallo conmemorativo da carreira para os corredores da proba absoluta**, así como froita e bebida a quen finalice a proba (para absoluta e escolares).

Os atletas das probas escolares que rematen a proba tamén terán un obsequio da organización.

Premio especial Fidelidade: para todo aquel que esta sea a súa 5ª carreira consecutiva rematada.

PREMIOS EN METÁLICO

(Só para a Carreira Absoluta: **PROMESA, SENIOR e VETERÁNS**)

PREMIOS INDIVIDUAIS

1º Clasificado/a: 150 €

2º Clasificado/a: 100 €

3º Clasificado/a: 50 €

PREMIOS POR CLUBES*

1º Clube Clasificado: 150 €

2º Clube Clasificado: 100 €

3º Clube Clasificado: 50 €

PREMIOS ESPECIAL POR RÉCORD E PREMIO GAÑADOR/A LOCAL DA PROBA

BATIR O RÉCORD DA CARREIRA ABSOLUTA MASCULINA OU FEMININA: 60 €

(Carlos Villamor Castiñeira 2014: 19'14'')

(Maria Yolanda Gutiérrez Robles 2013: 21'55'')

1º Clasificado/a Local: 50 €

* Para a entrar na premiación por clubes deberán inscribirse os atletas individualmente na web www.championchipnorte.com e remitir un correo electrónico ó mail carreiradeboimorto@hotmail.com cos datos do clube xunto co listado de atletas que participarán na proba, só se admitirán clubes federados e atletas con licencia en vigor de atletismo. **SEN ESTE CORREO ELECTRÓNICO NON PODERÁN OPTAR OS PREMIOS POR CLUBES.**

